

FOTOS POR TELÉFONO



Novembro 2010

Soa o ton dunha imaxe.
Alguén chama, quizais a atención.

Pode ser unha nena, ou un maior,
unha flor esquecida ou un astro loado,
a fermosa paisaxe e tamén a desfeita.

Ela descolga o auricular,
coa apertura de ollos dun vello teléfono,
e escoita a sensación na orella da mirada.

Non quere contalo,
de iso encárgase o móbil de agora.

Así de sinxelo, sen zoom nin gaitas,
sen sequera poñer as lentes para ollar mellor,
dálle ao botón e catro *píxeles* fan o demais.

Porque ela é así,
no de sempre, atopa unha gran aventura.

Haberá quen diga que non é arte,
pero dinse tantas cousas.....

ATARDECIDAS E SOLPORES

Unha das cousas que máis gusta de facer Rosa, é a de sentarse preto do mar e ver un bo solpor.

O certo é que esa hora semella feita para ela.


Só hai que observala, o seu sosego agoira a quietude do firmamento estrelado que se aveciña e a faciana atardécelle ao ritmo do serán; mesmo se volve moura, coma se roubara o azul do ceo e o cobalto do mar para broncearse.

Por eso encontramos tanto onde escoller, solpores galegos, tapeceres de Asturias, aplaudidas postas de sol en Cádiz...


Solpores de ceos limpos, onde o Astro afunde nitidamente no mar e se pode concibir a esperanza de ver o raio verde.




E outros nos que a luz atravesa as nubes, pintándoas de laranxa



Atardecidas quentes do Sur, aproveitadas para preparar a miñoa.




E para encher de actividade ese instante que só existe entre o lusco e o fusco



Ou o fresco anoitecer do Norte, coas illas recollidas polas rías.



E un fermoso agasallo para os que volven de faenar.





Soles
que
concentran
o
amarelo

E outros que o espallan por todo o Ceo



Nubes que se volven protagonistas e recollen este **Parhelio**. Un fenómeno producido, ao penetrar nas partículas de xeo a luz dun Sol que está fora da imaxe, a uns 22 grados á dereita.



E
Astros
que
foxen
da cámara,
fartos
de
ser
famosos.

PAIXASES HUMANOS

E, como ás veces quen fai o paisaxe é o home, ela vai deixándose sorprendido pola insensatez dunha morea de lixo, ou pola arte popular, a xenialidade dun *graffiti* e calquera outro atrevemento da xente.

En Conxo, o barrio onde vive, a normalidade ten tantas facetas que, a máis grande das tolemias esmorece en simple rareza e as rarezas adquiren matices de xenialidade.

Unha boa mostra, constitúena os *graffiti* das súas rúas.





Quen si dá mostras a diario da súa particular falta de cordura, son os políticos. Así tiveron, durante días, as rúas do barrio en pleno Xacobeo. Eso si, na zona turística, recollían.



Pero sempre hai xente disposta a encher de vida a cidade coa súa imaxinación. Como Pepe Penabade co espectáculo do afiador diante do bar Trece.

Rosa, mailo seu móbil, festexan os encontros con eles.



E, non só os atopan, senón que tamén participan. Coma no caso dos almozos na rúa, unha iniciativa xurdida en Valencia para reivindicar espazos urbanos e que, a incansable Clara Brea, se encarga de promover en Compostela.

Almorzo no Parque da Música Escenario



O doce



Almorzo na Praza de Ultreia Sesteando




Retirada polo Espírito Santo



Aínda que, tamén fora da cidade existen paisaxes creados polo ser humano. Coma nesta cala de Cádiz que, durante o verán, pasa a ser unha ategada urbanización de antucas.



Nin tampouco son todos tan efémeros. Hai obras populares que sobreviven aos avances da civilización; coma este lavadoiro comunitario, en plena cidade de Santiago.



Ou este peto de ánimas no Concello de Chantada.



ARTÍSTICAS

Noutras ocasións, é a propia cámara do teléfono quen a sorprende e, no lugar da escena que pretendía fotografar, xorden interpretacións erróneas dos circuítos electrónicos do móbil, en forma de cores e luces inexistentes.

Celebración da victoria no Mundial de 2010



Monxas no Xacobeo



Brinde colectivo




Lucía Showoman



Lúa chea en Compostela



Sen título



Presentación da película “Crebinsky”



NATUREZA I

FLORES E COGUMELO

E, igual que do ceo escolle os solpores, na terra son as flores quen levan o protagonismo.

Ten ducias de retratos, para os que a vexetación posou nos lugares máis dispares: Na area, á veira dun río, entre as pedras dun muro, na alta montaña...

Hai flores moi simples



E outras de complicada feitura



Natureza de montaña, coma este zarrote



E estoutra árbore chea de baías



Ou de area



E, sobre todo, moitas flores de primavera

Cultivadas



E silvestres



NATUREZA II

Pero había máis, moito máis onde escoller.

Coma....

Montañas con cabras




Ou con antigas cabanas



Mansas Lagoas



E mares embravecidos



Animais, coma esta píntega do Sur



Ou estoutra ra (verde)



Mesmo caprichosas raíces



E un bodegón de praia con boia rota sobre area

